

Gato lembra que "o PP non só non puxo nin un duro para a residencia senón que está a facer grandes esforzos para impedir que o Concello teña esta infraestrutura"

Subliñou que o obxectivo "é tratar por todos os medios que non poidamos ofrecer este servizo ós veciños. Entre todos, e agora tamén o señor Balseiro, están a facer unha recreación científico-intelectual da propia residencia"

Denuncia que foi a administración autonómica a que, "dunha maneira arbitraria", se negou a poñer en marcha esta infraestrutura, polo que, en vez de enturbiar este asunto, o PP debería de estar axudando ó Alcalde a convencer ás autoridades da Xunta para que Monterroso puidese ter esta prestación"

Para Gato, esta actitude é un exemplo máis de que os intereses dos veciños non son o obxectivo prioritario para o PP, o que tamén quedou reflectido hai meses cando todos os membros deste Grupo quixeron abandonar a Corporación

O Alcalde de Monterroso, Antonio Gato Soengas, lamenta profundamente a actitude que está a manifestar o Partido Popular con respecto á residencia de Monterroso, xa que este partido "non só non puxo nin un duro para esta infraestrutura senón que está a facer grandes esforzos para impedir que este Concello teña un edificio deste tipo". Deste xeito, atribúe esta situación a "razóns políticas e partidistas". O obxectivo, subliñou o rexedor municipal, "é tratar por todos os medios que o Alcalde non poida ofrecer este servizo social ós seus veciños. Semella que os do PP teñen entre cella e cella este tema. Entre todos, e agora tamén o señor Balseiro, están a facer unha recreación científico-intelectual da propia residencia", engadiu.

Para o Alcalde monterrosino, esta actitude é un exemplo máis de que os intereses dos veciños non son o obxectivo prioritario para o Partido Popular, o que quedou reflectido hai poucos meses cando todos os membros desta formación política quixeron abandonar a Corporación. Por iso, Antonio Gato critica que "agora o señor Balseiro queira ser o defensor de Monterroso."

"Nós nin renunciámos a nada, nin mentimos"

O Alcalde reiterou que a residencia sempre foi solicitada para válidos, nunca para asistidos, polo que nesta modalidade cumpría absolutamente todos os requisitos. Por tanto, subliñou que "o Concello nunca renunciou a nada. Foron os técnicos da Xunta os que solicitaron a modificación da tipoloxía para poñer en marcha a residencia. O único que intentamos foi adaptarnos á normativa actual para aproveitar o recurso existente".

Así mesmo, destacou que non existe diferenza algunha na atención que prestan as vivendas comunitarias e a residencia. En realidade, apuntou, a infraestrutura podería incluír dúas vivendas comunitarias con 24 prazas, as mesmas que se solicitaban na miniresidencia. É dicir, "os do PP en vez de enturbiar este asunto, deberían de estar axudando ó Alcalde a convencer ás autoridades da Xunta para que Monterroso puidese ofrecer un servizo deste tipo".



Antonio Gato denuncia, ademais, que foi a administración autonómica a que, “dunha maneira arbitraria”, se negou a poñer en marcha esta infraestrutura, a pesares dos esforzos realizados polos técnicos municipais, quenes en varias ocasións se desprazaron a Santiago para chegar a un acordo. Considera deste xeito que a actitude do Goberno de Feijóo “demostra unha vez máis a deriva privatizadora dos servizos sociais e a sanidade, pois mentres trata de boicotear por todos os medios iniciativas públicas como a de Monterroso ou como a rede de residencias e centros de día promovidos por Deputación e concellos, segue a concertar prazas nos centros privados”.

Neste senso, lembrou que o apoio do organismo provincial foi “absolutamente decisivo” para sacar adiante o proxecto, pois achegou 120.000 euros no ano 2011 para levantar a segunda planta do inmoble, rematando así a construción do complexo que o Concello iniciara en 2010 cunha subvención de 442.000 euros outorgada polo anterior Goberno central a través do Plan E, e neste mesmo ano 2013 a Deputación aportou outros 75.000 euros para o equipamento logo de que a Xunta de Galicia lle negase axuda ó Concello para poder facelo, retrasando así a posta en marcha do servizo.

8 de outubro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo